24 FEBREIRO 2014
5C
“descalciña de pé e perna”
A POBREZA
E A DESIGUALDADE
EN ROSALÍA
BIBLIOTECA DA CARACOLA TOLA

CANTARES GALEGOS





15

Mais son probe e, ¡ mal pocado!,
a miña terra n´é miña,
que hastra lle dan de prestado
a beira por que camiña
ó que nacéu desdichado.

20

Sin ter con qué te acalente,
sin ter con qué te adormesa,
que soio, soio quedaches,
como unha ovelliña enferma,
tremando malpocadiño,
como as ovelliñas treman.
Sin cobirtor que te cruba,
nunhas palliñas te deitan
e neve e chuvia en ti caen
por entre as fendidas tellas.
E silba o vento que pasa
polas mal xuntadas pedras
e cal o cóitelo afilado
no teu corpiño se ceiba.

25 X

Orfo ende que nacera, a sorte triste
déralle por herencia o desconsolo,
coa negra soledá, que ó probe asiste;
nadie na terra se topóu tan solo
de canto en polvo terrenal se viste
inda correndo un polo i outro polo,
que era probe e dorido antre os doridos
e afrixido antre os tristes afrixidos.

25, XI

Tiña por casa un cortelliño escuro,
tiña por leito o chan humedecido,
por cubirtor a neve e vento duro
que entraba polas fendas arresido.
Tiña o sustento escaso e mal seguro
que dan de porta en porta ó que é perdido,
que así lle din con bulra non escasa
ó que por probe neste mundo pasa.

FOLLAS NOVAS





¿QUEN NON XIME?

Triste é o cantar que cantamos,
mais ¿qué facer si outro mellor non hai?
Moita luz deslumbra os ollos,
causa inquietude o moito desear.
Cando unha peste arrebata
homes tras homes, n´hai máis
que enterrar de presa os mortos,
baixá-la frente, e esperar
que pasen as correntes apestadas ....
¡Que pasen...., que outras vendrán!

¡TERRA A NOSA!

II

-Quen casa ten de seu, ten media vida.
Unhas telliñas para nos cubrir,
catro paus que ardan na lareira nosa,
¡ e a traballar sen fin!
¡Valor, valor! I espera, desdichado,
mentras teñas aquí
unhas paredes tristes e desnudas
mais que herdache, infeliz,
e das que nadie despoxarte pode.
¿Nadie...? A miseria, si.



XUSTIZA POLA MAN

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta brancura que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron, en donde eu vivira;
Sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...! que tanto eu quería,
¡morreron, morreron coa fame que tiñan!
Quedéi deshonrada, murcháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangre maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-*¿Sálvádeme , ouh, xueces!-*, berrei...¡Tolería!
De min de mofaron, vendéume a xusticia.
-*¿Bon Dios, axudáime*- bérrei, bérrei inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.



VANIDADE

Algún ricos entérranse ó probe,
E algúns probes ó grande se enterran,
todos para distinguirse,
e hastra ó morrer ter fachenda.
¡Vanidá, cánto vals antre os homes,
que hastra as portas da norte penetras!
Mas desque cán no burato,
todos iguales se quedan;
i o polvo ó polvo se torna
e onda os vivo-la soberbia.

Tembra un neno no húmido pórtico...
Da fame e do frío
ten o sello o seu rostro de ánxel,
inda hermoso, máis mucho e sen brilo.

Farrapento e descalzo, nas pedras
os probes peíños,
que as xiadas do inverno lañaron,
apousa indeciso;
pois parés que llos cortan cóitelos
de aceirados fíos.
Coma can sin palleiro nin dono,
que todos desprezan,
nun corruncho se esconde, tembrando,
da dura escaleira.
E cal lirio se dobra ó secárese,
o inocente a dourada cabeza
tamén dobra, esvaecido ca fame,
e descansa co rostro nas pedras.

IV DA TERRA

Miña casiña, meu lar,
¡cántas onciñas
de ouro me vals!

Vin de Santiago a Padrón
cun chover que era arroiar,
descalciña de pe e perna,
sin comer nin almorzar.
Polo camiño atopaba
ricas cousas que mercar,
i anque tiña ganas delas,
non tiña para as pagar.
Nos mesóns arrecendía
a cousas de bon gustar,
máis o que non ten diñeiro
sin elas ten que pasar.
Fun chegando á miña casa
toda rendida de andar,
non tiña nela frangulla
con que poidera cear.

V

AS VIDAS DOS VIVOS
E AS VIUDAS DOS MORTOS
¡ PARA HABANA!

I

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...
Adiós, adiós,
prendas do meu corazón!"

¿POR QUÉ?

-Escoitá: os algoasiles
andan correndo a aldea;
mais ¿cómo pagar, cómo, si un non pode
inda pagá-la renda?
Embargáronnos todo, que non teñen
esas xentes conciencia, nin tén alma.
¡Quedaremos por portas,
meus fillos das entrañas!